



UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



**INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA SOBRE ELABORACIÓN  
INFORMÁTICA, COBERTURA, TRAMITACIÓN, CUSTODIA E  
MODIFICACIÓN DE ACTAS DE EXAME DE MATERIAS  
ESPECÍFICAS PARA A LIBRE ELECCIÓN**

A instrucción do 24 de febreiro de 2000 regula a cumprimentación das actas de exame das materias de 1º e 2º ciclo. Nela non se especifica o procedemento a seguir, e a competencia dos Centros, respecto da tramitación das actas das materias específicas para a libre elección, ó ser materias que non figuran nos planos de estudos que organizan os Centros. Co obxecto de regular esta situación díctase a presente instrucción.

**ÚNICO.-** Corresponderán ó Secretario do Centro no que se imparta a docencia da materia específica para a libre elección as funcións e competencias que este órgano ten atribuídas respecto da tramitación e custodia das actas das materias pertencentes ó plano ou planos de estudos que organiza o seu Centro.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2001

O SECRETARIO XERAL



  
Gumersindo Guinarte Cabada

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr/as Decano/as e Directores/as de Centro, Sr/as Secretario/as de Centro, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servicio de Alumnado, Sr/as Xefe/as das Unidades de Xestión Académica